



A Asociación ANDREA e a Universidade de Santiago de Compostela asinan un Convenio de Colaboración.

Dunha parte o Excelentísimo Sr. D. Juan José Casares Long, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela e da outra D. David Lema Costas, Representante da **Asociación A.N.D.R.E.A.** en calidade de Presidente desta, asinan un Convenio de Colaboración para a realización de Prácticas Tuteladas e Docencia Teórico-Práctica. As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización das prácticas profesionais dos Alumnos de Pedagogía e/ou Educación Social nas instalacións da **Asociación A.N.D.R.E.A.**, así como para achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.



Poderán participar nas Prácticas o alumnado do Grao de Pedagogía e/ou do Grao de Educación Social da Facultade de Ciencias da Educación.

A Asociación ANDREA inicia un novo Ciclo de Conferencias nas Universidades Galegas



Conferencia:
TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAIS
 Elsa Pérez Sola- Psicóloga Clínica Responsable Benestar Social Asociación ANDREA.
Martes 12 de Marzo 2013 ás 16h.
 Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía (planta 0, módulo A)
 Campus Vida s/n. Santiago de Compostela



Organiza: **ANDREA** **USC**
 Facultade de Psicoloxía
www.andreaasociacion.org

O próximo Martes 12 de Marzo, a **Psicóloga Clínica e Responsable de Benestar Social** da **Asociación ANDREA**, **Elsa Pérez Sola**, impartirá unha conferencia na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, sobre os beneficios da **Terapia Asistida con Animais** e da súa dilatada experiencia neste campo con diferentes colectivos en desvantaxe física, psíquica e/ou social.

A asistencia é gratuíta, e aberta a todas as persoas ou colectivos interesados en coñecer máis de preto os beneficios da Terapia Asistida con Animais.

CONTIDOS

Futuros Profesionais da saúde se interesan pola T.A.A	2
Campaña de Colaboración: Apadriña un Burro	2
VII Ciclo Formativo Especializado (Próximos Cursos)	3
Convenio de Colaboración ANDREA / SERVETEIQ	3
Máster en Intervención Multidisciplinar	3
Empresas colaboradoras	4
Formación en colaboración Univ.ersidade de Vigo	4



Futuros Profesionais na atención a persoas en situación de dependencia interézanse polos Programas de Terapia da Asociación ANDREA

Máis dunha vintena de alumnos e alumnas do **Ciclo de F.P. de Atención a Persoas en Situación de Dependencia** visitaron a sede da **Asociación ANDREA** onde se encontra o Centro Pioneiro en España de Terapia Asistida con Asnos para colectivos en desvantaxe física, psíquica e/ou social.

Ademais puideron coñecer máis de preto os fundamentos da **Terapia Asistida con Asnos** e coñeceron e interactuaron cos nosos burros de Terapia.



Campaña de Colaboración: Apadriña un Burro



Un bo modo de colaborar connosco é apadriñar/amadriñar a un dos nosos burriños. Temos dispoñibles no noso Programa de Amadriñamento apadriñamento a dazaoito deles, e aínda que a estes non os poidas levar á casa, recibirás un certificado cunha foto do burriño escollido. Ademais durante o ano recibirás como mínimo unha carta informándote de como se encontra o animal, e se houbo algún acontecemento importante serías puntualmente informado/a.



Ser madriña ou padriño dun dos nosos burriños ten moitas vantaxes: Poderás visitalo/a cantas veces queiras, levarlles algunha "golosina"(zanahorias, mazás...), cepillalos, fotografarte, ou simplemente pasar o día con eles nun entorno precioso, sen ningún outro custo.

O apadriñamento/amadriñamento dun dos nosos burriños é un regalo ideal para familia ou amigos e, se nos dis a data e a dirección aseguraremos de que o regalo chegue o día indicado ao seu domicilio. Así non volverás esquecer un aniversario ou cumpreanos!

Ponse en marcha o VII Ciclo de Formación Especializada en colaboración coa Universidade de Vigo



En colaboración con la Universidad de Vigo



29,30 y 31 de Marzo
Formación Especializada
Terapia Asistida con Asnos


www.andreasociacion.org



Inaugúrarase en Allariz o **VII Ciclo Formativo en Terapia Asistida con Animais** en colaboración coa **Universidade de Vigo**, co Curso Especializado en **Terapia Asistida con Asnos** que terá lugar o fin de semana (29, 30 e 31 de Marzo) nas instalacións da **Asociación ANDREA** situadas en pleno corazón da Reserva da Biosfera "Área de Allariz".

PLAZAS

LIMITADAS



En colaboración con la Universidad de Vigo



Formación Especializada



26,27 e 28 de Abril
Conocimiento, Manejo y Comunicación
con los Asnos para Programas Terapéuticos
Educativos, de Ocio y Medioambientales

www.andreasociacion.org



A Asociación ANDREA e SERVETEQ asinan un convenio de colaboración

A **Asociación ANDREA** e **SERVETEQ** (Servicios Veterinarios Equinos) asinan un convenio de colaboración que garante unha maior Asistencia Clínica Especializada, tanto para o mantemento dun óptimo estado sanitario dos animais que albergamos, como para a recuperación de exemplares recién acollidos con diversas patoloxías agudas e crónicas e mesmo, en ocasións, ao borde da morte.

Xuntos, traballando pola defensa, conservación e benestar dos burros abandonados e maltratados.

Todo o que hacemos é grazas a túa colaboración.



Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Momentos na sede da **Asociación ANDREA** durante a nosa intervención teórico-práctica, un ano máis, no **Máster en Intervención Multidisciplinar na diversidade en Contextos Educativos**, da **Universidade de Vigo**. Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Ourense.



Unha vez máis a proximidade, tenrura e docilidade dos nosos burros de Terapia fixeron as delicias dos participantes.



**San Salvador 22
32660 Allariz
Ourense**

**Teléfono: 988442534
Móvil: 696971670**

andreaasociacion@gmail.com

**Mellorando a calidade de vida
dos colectivos desfavorecidos.**


ESTAMOS NO WEB:

www.andreaasociacion.org



Empresa de bioconstrucción ubicada no sur de Lugo.
Proxectos, coordinación de proxectos e execución de obra.
Arquitectura bioclimática, bioconstrucción e Passivhaus.

www.bioedif.es info@bioedif.es +34 678 442 038



SERVETEQ
Servicios Veterinarios Equinos

Serveteq ofrece e garante unha ampla gama de servizos veterinarios especializados na clínica equina.

www.serveteq.es Tel. 686 948 488/608 080 764.

Si queres publicitarte neste boletín gratuito, e colaborar deste xeito a mellorar e aumentar o número de exemplares, contacta con nós (arriba a esquerda). Por pequena que sexa a túa aportación será de gran utilidade.

Ciclo de Formación Especializada en colaboración coa Universidade de Vigo

Acorde co auxe dentro do mundo científico das Terapias Asistidas con animais e dada a necesidade de impartir unha formación especializada, desde o Centro Pioneiro en España de Asinomedicación e Terapia Asistida con Burros para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social, a **Asociación ANDREA** ofrece un dos máis completos ciclos formativos sobre esta nova e beneficiosa especialidade.

Os nosos cursos e seminarios de Terapia Asistida con Animais están deseñados para poder ofrecer ós participantes a mellor calidade en formación, proporcionando os coñecementos necesarios para poder utilizar animais dentro de diferentes procesos educativos e terapéuticos como unha innovadora ferramenta, e poder implantar programas terapéuticos con Animais con diferentes colectivos.

Este ciclo formativo está recoñecido como créditos de libre elección si eres estudante Universitario.

A maior parte dos nosos cursos teñen un formato persoalizado en grupos reducidos para garantir unha boa calidade de ensinanza. Posto que a finalidade da nosa formación é profesional, incluímos nos cursos a realización de prácticas tanto de simulación como reais, participando co noso equipo terapéutico en programas de intervención, para que así os participantes podan rematar o seu ciclo formativo cunha experiencia profesional previa. Adaptamos tamén os cursos ás necesidades de entidades concretas que nos soliciten formación para o seu persoal, voluntariado...



FORMACIÓN PROFESIONAL



TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAIS

www.andreaasociacion.org